

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO FONTELLA, NOS CONCELLOS DE ARANGA E OZA-CESURAS (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GALENERGY, S.L. (CLAVE: 2020/0106).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e, de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.i, os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque terá máis de 30 MW.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é Galenergy, S.L., e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudio de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 50 MW de potencia total nos concellos de Aranga e Oza-Cesuras (A Coruña), composto por 10 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias de cableado, unha subestación transformadora 30/132kV e centro de control, situados no mesmo edificio, separados e com accesos independentes e unha torre meteorolóxica) que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican a continuación:

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
A	572.500	4.783.100
B	578.200	4.783.400
C	578.200	4.780.700
D	574.500	4.780.700





As características principais do proxecto, segundo a súa configuración inicial, son as seguintes:

- Número de aerogeradores: 10
- Modelo previsto: SIEMENS GAMESA SG145
- Potencia nominal unitaria: 5 MW.
- Potencia total instalada: 50 MW.
- Altura de buxa: 127,5 m.
- Diámetro do rotor: 145 m.
- Orzamento (execución material): 47.959.512,98 €

A subestación eléctrica transformadora ocupará unha superficie de 100 x 50 m² e nela situaranse o parque de intemperie, o edificio de control, os vieiros e as zonas de acceso e estacionamento. Como xa se indicou, o centro de control e a parte cuberta da subestación situaranse no mesmo edificio, de maneira separada, contará cunhas dimensión de 25,90 x 10,00 m en planta e disporá dun único nivel no que se situará nunha parte, a sala de control, local para grupo electrógeno, sala de cabinas de media tensión, baterías de condensadores, sala de trafo e na outra parte, os vestiarios e aseo e o almacén de aceites e residuos.

Debido a certos condicionados xurdidos durante a tramitación de avaliación de impacto ambiental do expediente, derivados dos informes emitidos polos diferentes organismos sectoriais, o promotor propón unha serie de modificacións no parque respecto do reflectido no EsIA de febreiro de 2020, e que consisten basicamente en:

- Eliminación dos aerogeradores FO01, FO02 e FO03.
- Modificación do modelo dos 7 aerogeradores restantes ao modelo SIEMENS GAMESA SG 6.6 de 170 m de diámetro do rotor, 6,6 MW de potencia unitaria e 115 metros de altura de buxa.
- Recolocación do viario de acceso ao aerogerador FO04.
- Recolocación do viario acceso ao aerogerador FO05.
- Cambio da posición da torre meteorolóxica, da gabia e do viarios de acceso a mesma.
- Recolocación da gabia na zona das parcelas 59, 63 e 64 do RBDA, retranqueo de aproximadamente 1 metro da gabia cara a estrada autonómica AC-230.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 19.05.2020 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas remitiunos un oficio no que solicita que o organo ambiental lle facilite a relación de organismos e persoas interesadas aos que debe pedir informe sobre o estudo de impacto ambiental para cumprir co tramite de consultas establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Achegan para iso, xunto coa solicitude de autorización presentada polo promotor, os documentos titulados "*Estudio de impacto ambiental. Parque eólico Fontella (A Coruña). Febrero 2020*" e "*Proyecto de ejecución. Parque eólico Fontella. Febrero 2020*".

O 16.06.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, como órgano ambiental, remitiulle ao órgano substantivo a información solicitada e indicoulle unha serie de aspectos a ter en conta na tramitación de AIA ordinaria (información pública e consultas sobre o





EsIA) e sobre o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

Mediante Acordo do 21 de outubro de 2020, da entón Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña (publicado no DOG núm. 231, do 16.11.2020), someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o EsIA e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto. Así mesmo, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas sobre o estudo de impacto ambiental.

No expediente figura o certificado de información pública dos concellos de Aranga e de Oza-Cesuras.

Durante o período de información pública, recibíronse 50 alegacións que, segundo o escrito da Xefatura Territorial da Coruña, foron remitidas ao promotor para que as contestase en defensa dos seus intereses.

Das 50 alegacións presentadas, 47 teñen contido ambiental (45 de particulares, e 2 presentadas por diversas entidades e asociacións). Segundo informa o órgano substantivo, todas foron remitidas e contestadas polo promotor.

O 25.10.2022 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón da materia.

O 22.11.2022 recíbese, por parte do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, documentación complementaria de cara a tramitación ambiental do proxecto.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- ◆ En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:
 - A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un primeiro informe no que, tras resumir as principais características do proxecto, expón unha serie de consideracións respecto aos valores naturais da contorna (espazos protexidos, hábitats de interese comunitario, especies ameazadas, vexetación, zonas húmidas, etc.).

Indícase en primeiro lugar que a zona onde se desenvolve o proxecto localízase dentro dos límites da reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, tendo polo tanto, a consideración de área protexida por instrumentos internacionais (Lei 5/2019, do 2 de agosto, e Lei 42/2077, do 13 de decembro).

Así mesmo, unha vez revisado o Inventario de humidais de Galicia (IGH) obsérvase que a liña eléctrica interior do proxecto é soterrada e cruza os humidais Braña de Ulloa, Paraños, Brancal do Porto Franco e As Cotorras.

Por outra banda a actuación prevista cruza o rego do Porto do Franco e o regato Porto Vilarraso e atópase próxima o rego do Muíño Vello, regato de Portonovo.





Atópanse tamén, segundo o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005) os hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios 3110 Augas oligotróficas con contido de minerais moi baixo das chairas areoas (*Littorelletalia uniflorae*), 4020* Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, 4030 Uceiras secas europeas e 4090 Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.

A zona de actuación atópase moi próxima as áreas de presenza das especies *Tetrax tetrax*, en perigo de extinción e a *Rana temporaria* catalogada como vulnerable.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un segundo informe de rectificación, no que sinala que na análise efectuada no primeiro informe, indicouse que o parque eólico Fontella, con 7 aerogeradores na última versión, atópase dentro dos límites da reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo tendo, polo tanto, a consideración de área protexida por instrumentos internacionais (Lei 5/2019, do 2 de agosto, e Lei 42/2007, do 13 de decembro).

No primeiro informe emitido por esa dirección xeral, non se advertiu que toda a instalación atópase dentro dunha das zonas núcleo desta reserva da biosfera. Detectada esta omisión, procedeuse a revisar o informe de 07.10.2022.

En base o artigo 80 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e do artigo 32 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental esa dirección xeral considera que os obxectivos da Rede Natura 2000 e as zonas núcleo das reservas da biosfera son similares, debe asumirse que existe unha incompatibilidade para a construción de parques eólicos nas zonas núcleo en aras a garantir os obxectos polos que se estableceron.

O informe conclúe sinalando que co obxecto de garantir a preservación da diversidade biolóxica e os ecosistemas dentro das zonas núcleo non se deben instalar parques eólicos dentro delas, polo que se informa desfavorablemente a construción do parque eólico Fontella.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural fai unha introdución dos antecedentes e expón as consideración legais e técnicas, para posteriormente, realizar unha análise do estudo de impacto ambiental, resumindo as principais cuestións en relación co patrimonio cultural recollidas no mesmo.

Indícase que o parque está proxectado nun ámbito de gran riqueza arqueolóxica no que se localizan as necrópoles tumulares prehistóricas do Monte do Gato, Portomoeiro, Vallo, Mazarelas, O Petón, Outeiro da Ponte, As Penas I e II, Martán, Cerro de Martán e As Medoñas, que suman un total de 107 túmulos, sen contar as mámoas identificadas de forma individual.

Seguidamente o informe segue describindo os enterramentos tumulares e as afección que o proxecto xeraría sobre os mesmos e indicase que o ESIÁ considérase incompleto, concretamente o *Anexo III Estudio de Impacto e Integración Paisaxística*.

O informe afonda na localización do proxecto nunha zona núcleo da Reserva da Biosfera, e sinala que a función outorgada ás denominadas Zonas Núcleo nestes espazos de protección internacional é a de protección a longo prazo e conservación da diversidade biolóxica e da riqueza cultural.

Sínálase tamén que parte das infraestruturas do parque eólico, concretamente os aerogeradores 6, 7, 8 e 9 localíanse aproximadamente a 2.550 m da Área de Especial Interese Paisaxístico Fraga de Barbudas e Val do Cambás (AEIP 0701) sobre a que poderían ter un grave impacto visual.





Por todo o anterior infórmase desfavorablemente o proxecto.

O promotor responde que fará modificacións na estrutura do parque eólico e posteriormente adxunta a documentación *PE Fontella_Alternativa nov21-Memoria Evaluación Impacto Arqueolóxico* e *PE Fontella_Alternativa nov21-SHP* para que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita informe.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite un segundo informe no que analiza a diversa documentación que o promotor achegou a esa dirección xeral indicando que se eliminar os aeroxeradores FO01, FO02 e FO03, cambia o modelo dos aeroxeradores restantes, a torre ten un novo emprazamento e modifícanse o acceso e as gabias aos aeroxeradores FO04 e FO05.

Posteriormente fai unha serie de consideracións técnicas respecto os cambios realizados no proxecto concluíndo o informe de maneira favorable segundo o deseño reflectido na documentación remitida e coas medidas protectoras, correctoras e compensatorias establecidas. A dirección Xeral de Patrimonio Cultural engade unha serie de condicións e consideracións a ter en conta no caso de realizarse o proxecto.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública sinala que o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización, polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas. A continuación, efectúa unha avaliación do proxecto dende os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos e identificación das posibles vías de exposición, concluíndo que o EslA non recolle información ou esta é insuficiente para algúns aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, polo que considera oportuno que o promotor complete o estudo.

O promotor responde achegando o documento *PE Fontella_Documento ambiental de resposta a informe 10.02.2022 DXSP*.

A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un segundo informe no que indica que o anexo de Estudo de afeccións á saúde pública remitido polo promotor para completar o estudo de impacto ambiental, recolle toda a información solicitada por esta dirección xeral.

Sen embargo, en relación ao parpadeo de sombras para "o caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta dirección xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos".

O promotor responde a ese segundo informe indicando que respecto aos receptores que superen o limiar establecido no caso real, previamente a fase de análise técnica do expediente ambiental, identificaranse os receptores co limiar proposto pola Dirección Xeral e propónse, por parte do promotor, a realización de control e seguimento durante o primeiro ano de explotación sobre os receptores que poden superar o limiar. No caso de que se supere o limiar propónse establézanse medidas correctoras como apantallamentos e/ou a parada técnica temporal dos aeroxeradores do parque eólico sós ou combinados de maneira que se evite a superación do devandito limiar.

Nun terceiro informe a Dirección Xeral de Saúde Pública considera que coa información adicional proporcionada para poder avaliar o risco de saúde, segue sen abordar adecuadamente o aspecto recollido no informe anterior. Reitérase que en relación ao parpadeo de sombras, tendo en conta que no estudo do "caso real" existen 3 receptores que superan as 8 horas/ano, naquelas vivendas que superen este





limiar, o proxecto deberá incorporar as correspondentes medidas protectoras, independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento.

O promotor responde a ese terceiro informe indicando que como medidas protectoras, os aeroxeradores dispoñerán dun sistema de control de parada por efecto parpadeo de sombras, para asegurar que non se supera o límite de 8 h/ano de exposición en vivendas que superen este limiar no estudo de "caso real", de conformidade cos limiares establecidos como referencia pola DXSP para os parques eólicos.

A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un cuarto e último informe no que considera satisfeitos os requirimentos feitos no inforem previo, polo que se emite informe favorable.

- O Instituto de Estudos do Territorio introduce o seu informe cunha referencia ao marco legal e unha breve descrición do proxecto. Expón a continuación as principais características da paisaxe onde se inxire o proxecto indicando que o parque localízase nunha zona de relevo ondulado con montes de cumios redondeados e pendentes suaves. Así mesmo, sinálase que o parque estaría integramente no ámbito da Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo".

O informe prosegue afirmando que o proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo.

En relación aos miradoiros, as infraestruturas do parque serán potencialmente visibles dende os de Rodeiro, Bandoxa e Aranga, se ben non son de esperar impactos significativos dada a distancia á que se sitúan e a presenza nas inmediacións destes lugares de masas arbóreas que xunto coa orografía do terreo, amortecen a visibilidade.

Ademais, poden producirse impactos paisaxísticos derivados da existencia doutros proxectos eólicos na contorna próxima, posto que, segundo a web do Rexistro eólico de Galicia, localízanse outros cinco parques en tramitación a unha distancia de menos de 5 km a algún dos aeroxeradores, emprazándose un deles no mesmo cordal que as posicións das máquinas máis occidentais, a uns 590 metros do FO-01 (posteriormente eliminado), e outro a uns 610 metros ao norte do FO-09.

O informe conclúe indicando que os principais impactos sobre a paisaxe derivan dos efectos sinérxicos que se producen pola existencia doutros proxectos eólicos na contorna e da proximidade dos aeroxeradores aos núcleos de poboación e ás vías de comunicación máis importantes que discorren polo ámbito do parque como son a autovía A-6, a estrada nacional N-VI e a estrada autonómica AC-230. Ademais, a apertura de novos camiños e as escavacións necesarias para a instalación das máquinas do sector occidental do parque producirán afeccións aos afloramentos rochosos presentes nos lugares de Avea, Pena Moura e Penedos do Valló, que conforman a prolongación meridional do monte do Gato, e que polos seus valores estéticos e naturais recóllense no Catálogo das paisaxes de Galicia, como lugar de especial interese paisaxístico.

- Augas de Galicia emite informe no que analiza a documentación facendo un resumo do proxecto e pasando a enumerar os ríos e regos que discorren próximos as actuacións sendo estes o río Fervenzas, río Deo e rego de Portonovo. Sinálase tamén as afeccións das actuacións proxectadas aos humidais recollido no Inventario de Humidais de Galicia, as zonas de captación para abastecemento humano recollidas no PHGC e os aproveitamentos hídricos do Libro de Rexistro de Augas de Galicia





O informe conclúe cunha serie de condicións particulares e informase favorablemente ao proxecto.

- A Axencia Turismo de Galicia emite informe no que tras analizar todos os posibles impactos que o parque puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global compatible, polo que no seu conxunto é asumible tendo en conta unha serie de consideracións que se indican no informe.

Dito informe, conclúe indicando que as afeccións á explotacións de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e ante a ausencia de medidas compensatorias relativas, considerase o impacto turístico significativo pero asumible.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emite un informe no que estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que se o proxecto puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan de autoprotección, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.
- O Concello de Aranga achega un documento de nome *Análise ambiental e alegacións ó estudo de impacto ambiental do parque eólico "Fontella" (Aranga_Oza-Cesuras (A Coruña))* no que fai un moi breve resumo dos antecedentes do proxecto para pasar a describir o medio natural onde se pretende situar o parque eólico. Sinálase entre outras cuestións que o parque está proxectado no límite meridional do Monte do Gato e na súa confluencia co espazo natural "Brañas do Deo", pendente de protección pola proposta de ampliación da Rede Natura en Galicia.

O documento segue cunha serie de observacións en canto a vexetación actual, hábitats da directiva 92/43/CEE, flora protexida ou de interese e espazos naturais protexidos, sobre a avifauna e os anfíbios presentes na zona e por último sobre os quirópteros.

- O Concello de Oza-Cesuras emite informe no que se fai un resumo do proxecto e sinálase cuestións sobre o PXOM do concello, o Plan Básico Autonómico e as determinacións dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio aprobados de conformidade coa lexislación de ordenación do territorio de Galicia.
- Consta así mesmo un informe do Servizo de Enerxía e Minas da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle un resumo da tramitación practicada no expediente. Inclúe, ao respecto, un resumo dos informes obtidos no trámite de consultas e a relación das alegacións presentadas durante a información pública así como da contestación do promotor. Como conclusión, establece que procede continuar coa tramitación do expediente.





- ◆ No tocante as alegacións no expediente constan as presentadas por 48 particulares e 2 asociacións.





3. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista do que se desprende do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en canto aos efectos significativos do proxecto sobre a reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular unha declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto.

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE:

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do parque eólico Fontella, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto de resolución substantiva do procedemento.

Santiago de Compostela, **na data da sinatura electrónica**

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

